

Doña María Pérez González, con DNI: en calidade de PRESIDENTA DA FEDERACIÓN A AAVV DE VIGO (EDUARDO CHAO) con Domicilio a efectos de notificación en Praza da Princesa nº 7 (2º andar) e correo:.

[eduardochaofavec@gmail.com](mailto:eduardochaofavec@gmail.com)

Tlf. 642.441634 619758343.

986.132454

Expón:

Que o pleno do Concello de Vigo aprobou inicialmente en sesión extraordinaria do día 18 de novembro do 2020 o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o 2021.

Que posteriormente, e en cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente foi exposto para que durante 15 días puideran os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004.

**E que polo tanto, formulamos a seguinte reclamación:**

Dende o inicio da crise sanitaria o movemento veciñal viuse obrigado a pechar numerosos centros veciñais e culturais e desprogramar centos de actividades esenciais para a vida social e cultural das parroquias. A Federación de Asociacións de Veciños "Eduardo Chao" de Vigo é unha organización sen fins de lucro, declarada de utilidade pública polo pleno do Concello de Vigo, composta por 28 asociacións de veciños da cidade, que organizan ao redor de 30,000 familias e brindan servizos a unha poboación aproximada de 100,000 beneficiarios.

Quero facer notar que a Federación de Asociacións de Veciños "Eduardo Chao" de Vigo, así como as Asociacións veciñais, foron as primeiras en pechar por responsabilidade e pola gran cantidade de persoas que acoden ás actividades e a facer trámites nestas entidades. A Federación de Asociacións de Veciños "Eduardo Chao" de Vigo, segue prestando servizos vía telemática, de asesoramento a mulleres vítimas de violencia, familias en risco exclusión, así como tamén presta servizo con voluntarios, coas debidas medidas de prevención, atendendo a maiores facendo recados para que eles non saian das súas casas.

Desde o momento da declaración de Estado de Alerta, atendemos a 315 maiores, 10 vítimas de violencia, brindamos asesoramento en axudas sociais e ERTE, así como axudas para autónomos e monitores contratados en Avv. (Asociacións Veciñais de Vigo) As Asociacións Veciñais somos Cultura, Emprego, Servizos Sociais e Psicolóxicos, entre outros. Os empregos que xera o movemento veciñal son moitos, e tan importantes como os que xeran as empresas, xa que tributamos igual que as empresas.

**ANTE O EXPOSTO SOLICITAMOS:**

A reasignación dun importe non inferior a 500.000 euros da partida orzamentaria 3380 2260906 FESTAS DE VIGO (partida que contén un montante de 1.900.000) e creación de nova partida para PROMOCION DA ACTIVIDADE ASOCIATIVA E CULTURAS DAS 28 AAVV ASOCIADAS

E polo exposto rogamus sexa tida en conta esta reclamación

en Vigo, a 11 de decembro de 2020

Asinado:

